



# TALLER PRÁCTICO E BÁSICO DE R

## III Xornadas de Usuarios R en Galicia

M<sup>a</sup> José Ginzo Villamayor  
[mariajose.ginzo@usc.es](mailto:mariajose.ginzo@usc.es)

Dpto. DE ANÁLISE MATEMÁTICA, ESTATÍSTICA E OPTIMIZACIÓN  
SERVIZO DE CONSULTORÍA ESTATÍSTICA



DEPARTAMENTO DE ANÁLISE  
MATEMÁTICA, ESTATÍSTICA  
E OPTIMIZACIÓN





---

## Contidos

A linguaaxe de programación R

Representacións gráficas

Estatística básica

R Commander

Bibliografía

Curiosidades



## Que é R?

- Forma parte do proxecto GNU e se presenta como software libre (*liberdade dos usuarios para executar, copiar, distribuír, estudar, cambiar e mellorar o software*).
- R é unha linguaxe derivada de S (Bell Labs.) para o tratamento de datos, análise estatística e gráfica.
- Linguaxe estatístico e matemático.
- Entorno para o desenvolvemento de novos métodos de análise de datos.
  - **gratuíto** ( $\not\Rightarrow$  baixa calidade)
  - **dinámico** ( $\not\Rightarrow$  inestable)
- The R Project for Statistical Computing: <http://www.r-project.org>
- The Comprehensive R Archive Network: <http://cran.es.r-project.org/>



## Que é R?

R Gui

Archivo Editor Visualizar Misc Paquetes Ventanas Ayuda

R Console

```
> ## volcano ## 87 x 61 matrix
> wireframe(volcano, shade = TRUE,
+ aspect = c(61/87, 0.4),
+ light.source = c(10,0,10))
>
> g <- expand.grid(x = 1:10, y = 1:15, gr = 1:2)
> g$z <- log((g$x*g$y)^2 * g$gr)
> wireframe(z ~ x * y, data = g, groups = gr,
+ scales = list(arrows = FALSE),
+ drape = TRUE, colorkey = TRUE,
+ screen = list(x = 30, z = -60))
>
> cloud(Sepal.Length ~ Petal.Length + Petal.Width | Species, data = iris,
+ screen = list(x = -90, y = 70), distance = .6)
> ## volcano ## 87 x 61 matrix
> wireframe(volcano, shade = TRUE,
+ aspect = c(61/87, 0.4),
+ light.source = c(10,0,10))
>
>
>
>
>
```

Description:

Generic function for the (trimmed) arithmetic mean.

Usage:

```
mean(x, ...)
```

## Default S3 method:

```
mean(x, trim = 0, na.rm = FALSE, ...)
```

Arguments:

x: An R object. Currently there are methods for numeric/vectors and date, date-time and time interval objects, for data frames all of whose columns have a method. Complex vectors are allowed for 'trim = 0', only.

trim: the fraction (0 to 0.5) of observations to be trimmed from each end of 'x' before the mean is computed. Values of trim outside that range are taken as the nearest endpoint.

Device 2 (ACTIVE)

column

row

Taller Práctico e Básico de R



## Por que R?

- **R** é unha plataforma independente e gratuíta.
- **R** pódese utilizar a distintos niveis.
- **R** é máis flexible que a maior parte do software utilizado en noutras ciencias.
  
- As análises non teñen que restrinxirse ás funcións implementadas na instalación básica.
- Continuamente pónense a disposición do usuario novas librarías coa implementación das metodoloxías más modernas.



## Instalación de R

- R pódese instalar en calquera sistema operativo con ou sen interfaz gráfica (Linux, MacOS, Windows, etc) sen importar a potencia do equipo.
- Desexable conexión a Internet para instalación, actualización e busca de novos procedementos.
- Instalación:
  - Arquivo instalación: 70 MB
  - Instalación básica: 172 MB
  - N° de paquetes totais: 9353
  - Instalación con todos os paquetes: ≈ 2.5 GB



## Instalación de R

O programa **R** está dispoñible para os principais sistemas operativos (Windows, Linux, MacOS, etc.), e pode descargarse en <http://www.r-project.org/>.

The screenshot shows the main page of the R Project for Statistical Computing. At the top, there's a navigation bar with links for Home, Download, CRAN, R Project (with sub-links for About R, License, Contributors, What's New?, Report a Bug, Development Site, Conferences, and Search), R Foundation (with sub-links for Foundations, Board, Members, Donors, and Donate), and Help With R. The main content area has two sections: 'Getting Started' and 'News'. The 'Getting Started' section explains what R is, how to download it, and provides links to CRAN mirrors. The 'News' section lists recent events and releases, including the R Journal Volume 8/1, the useR! 2017 conference, R version 3.3.1, R version 3.2.5 (Very, Very, Beste Dishes), a security issue with XQuartz, the R Logo available in high-resolution formats, and the useR! 2016 conference.

### ● Podes atopar:

- Distintas versións
- Paquetes
- Manuais de axuda
- Listas de correo ...




## Manuais, FAQs e publicacións

- <http://cran.es.r-project.org/>
  - Search-Menu CRAN
  - FAQ-Menu Documentation
  - Manuals-Menu Documentation
  - Contributed-Menu Documentation
  - Newsletter-Menu Documentation



## Manuais, FAQs e publicacións

- **A Beginner's Guide to R.** Zuur, Ieno, Meesters. (2009)
- **Using R for introductory Statistics.** Verzani. (2005)




- Introducción a R. Descarga e instalación.
- Traballando con datos en R.
- Funcións simples.
- Ferramentas para gráficos.
- Programación básica en R.



## Manuais, FAQs e publicacións

- Tratamiento de datos con R, STATISTICA y SPSS. Cástor Guisande González, Antonio Vaamonde Liste y Aldo Barreiro Felpeto (2011)



- Representación de datos, estadística descriptiva.
- Distribución, intervalos de confianza.
- Contrastes de hipóteses e contrastes de bondade de axuste.
- Contrastes de homoxeneidade en variables cualitativas, cuantitativas.
- Contrastes de independencia e asociación en variables cuantitativas.
- Regresión.
- Series de tempo.
- Análise multivariante: métodos factoriais, métodos de clasificación.
- Modelos de simulación.




## Início das sesións en R

- Unha vez instalado, podemos xa executar o programa. Para iso, só fai falta facer click na icona ou desde o menú de programas seleccionar a icona correspondente.
- O primeiro que aparece na cabeceira é a versión que estamos a utilizar. Convén visitar habitualmente a páxina do proxecto para ver se hai unha nova versión. Se a hai e a queremos instalar, é recomendable que desinstalemos a anterior previamente.
- O comando *demo()* permite realizar demostracións do uso de R.
- Tal e como aparece no primeiro menú, R é un software libre e vén sen GARANTIA ALGUNHA, áinda que é posible redistribuílo baixo certas circunstancias. Máis info tecleando o comando *license()*.
- Mediante *citation()* podemos saber como citar R ou paquetes de R en publicacións e así dar o crédito á enorme cantidade de persoas que desenvolven este proxecto.



## Entorno de traballo

Ao abrir o programa **R**, aparece a seguinte **R**-consola (fiestra de ordes) para traballo interactivo en modo comando:



- Xusto despois da cabeceira, aparece unha liña en branco co símbolo **>** na marxe esquerda: **PROMPT**.
- A partir de aquí **R** espera que escribamos **COMANDOS** e instrucións para comenzar a traballar.
- Para executar un comando escrito utilizamos a tecla de **intro**.
- O signo **#** indica a introdución dun comentario.
- As ordes elementais consisten en expresións ou en asignacións.



## Entorno de traballo

- Na fiestra R Console cada liña na que o usuario pode introducir información iníciase co carácter > que pon o sistema R.
- As instruccións nunha mesma liña sepáranse por ";" para executar as instruccións que están nunha liña, púlsase a tecla *Retorno* ou a *Intro*.
- Pódense recuperar liñas de instruccións introducidas anteriormente premendo a tecla coa frecha ascendente do teclado, a fin de reexecutalas ou modificalas.

```
> 1+2*4  
[1]9  
> (1+2)*4  
[1]12  
> 3+5;3+6  
[1]8  
[1]9
```



## Fiesta de script

Un conxunto de instrucións poden integrarse nun único arquivo de texto para formar un *script* (este tipo de arquivos sóñense gardar con extensión .R).

>Archivo<Nuevo script (Ctrl+N)

As instrucións do script cópianse e péganse na fiestra de comandos para ser executadas.

The screenshot shows the RStudio interface. On the left, the 'Console' window displays the R startup message and some sample calculations:

```
version 2.14.1 (2011-12-22)
Copyright (C) 2011 The R Foundation for Statistical Computing
ISBN 3-900051-07-0
Platform: i386-pc-mingw32/i386 (32-bit)

R is a free software distributed under the terms of the
GNU General Public License (either version 2 or later).
It comes with ABSOLUTELY NO WARRANTY.
You can redistribute it and/or modify it under the terms of
the GNU General Public License (either version 2 or later).
For more information about these matters see
help('license') or 'licence()' for details of distribution.

R is a collaborative project with many contributors.
See 'contributors()' for more information and
'tation()' for how to cite R or packages in publications.

R has demos, help, and an HTML help system.
See 'demo()', 'help()' and 'HTML help.start()' for more information.
Type 'q()' to exit R.
```

Below the console, the word "comandos" is written in large red text.

On the right, the 'Script' window titled 'Sin nombre - Editor R' contains the word "script" in large red text.



## Fiesta de script

- Os archivos script pódense gardar utilizando  
`>Archivo>Guardar como ...`  
e elixindo a continuación a ubicación que interesa.
- Por defecto **R** utiliza un cartafol de traballo onde gardará a información.  
`>getwd() #devolve a carpeta de traballo`
- Para cambiar a carpeta de traballo pódese utilizar  
`>Archivo>Cambiar dir....`  
ou directamente por código utilizando setwd (carpeta). Por exemplo:  
`> setwd("c:/")`



## Editores de script

- Existen diferentes editores que poden facilitar o traballo con **R**: cores de sintaxes, completa parénteses, etc.
  - RStudio, TinnR
  - Notepad, (X)Emacs
  - RWinEdt, word
- **RWinEdt** é un editor para scripts disponible para usuarios de **R** no sistema de operativo Windows.
- Requiere que o editor **WinEdt** (programa de pago), <http://www.winedt.com>, estea instalado no computador.



- Outra alternativa é utilizar o editor **TinnR** (acrónimo de Tinn is not notepad) que é similar ao anterior pero de libre distribución.



- 
- 
-



## Editores de script: RStudio

- RStudio é outro editor para scripts dispoñible para usuarios de R en todos os sistemas operativos.
- Os autores consideran un entorno de desenvolvemento integrado que combina unha interface moi intuitiva con ferramentas de código moi potentes que permiten sacar o máximo proveito a R.
- Pódese descargar de <http://www.rstudio.org/>
- Como os anteriores a vantaxe deste editor é que ofrece unha serie de opcións non existentes en R, entre outras, por exemplo, comprobar rapidamente que ningunha paréntese queda sen pecharse ou marcar, copiar e pegar columnas.
- Pero ademais danos unha listaxe das variables e dános unha descripción dos bancos de datos que introducimos. Tamén ten unha lista dos paquetes instalados e os gráficos realizados





## Axuda en R

- `help.search("quero esto")`
- `help(function)`
- `?function`
- `help.start()` Abre a axuda en HTML



## R como unha calculadora (sofisticada)

- R permite realizar cálculos aritméticos e, nese sentido, poderíase utilizar como unha potente calculadora:

`x<-3+1`

Asignación con: `<-`, `<<-`, `=`, `->`, `->>`.

- Podemos utilizar funcións matemáticas como:

`y<-log(5)`

`z<-exp(x)`

- Calquera función matemática que se nos ocorra está en R:

`log(x)`, `exp(x)`, `log(x,n)`, `log10(x)`, `sqrt(x)`, `factorial(x)`, `choose(n,x)`, `gamma(x)`, `lgamma(x)`, `floor(x)`, `ceiling(x)`, `trunc(x)`, `round(x,digits=0)`, `signif(x,digits=6)`, `cos(x)`, `sin(x)`, `tan(x)`, `acos(x)`, `asin(x)`, `atan(x)`, `acosh(x)`, `asinh(x)`, `atanh(x)`, `abs(x)` e podemos aplicala sobre calquer número.

- É “case sensitive”:

`var<-2*5`

`VAR<-2^3`



## Sobre o directorio de traballo

- En todo o manexo de arquivos, debemos ter en conta cal é o directorio de traballo (ou working directory).
- O máis importante é situar a **R** no directorio de traballo do noso ordenador, é dicir, o sitio onde localizaremos todos os datos, os resultados, os gráficos, ... da nosa análise.

```
getwd() # Directorio de traballo actual
```

- Podemos situarnos nun directorio concreto de dúas formas:

- ➊ Mediante a función `setwd()`. Como argumento desta función debemos escribir a ruta que conduce no noso ordenador ao directorio de traballo, entre comillas. Por exemplo,  
`setwd("D:/TallerR")`

- ➋ Utilizando a opción **Archivo ▶ Cambiar dir...** do menú de **R**



## As librarías en R

- Unha libraría ou paquete é un conxunto de funcións sobre unha temática común. A instalación por defecto de R inclúe as librarías básicas implementadas polo grupo central de deseñadores.
- Cando se inicia R, só as funcións contidas en determinadas librarías do núcleo básico están dispoñibles para ser utilizadas.
- Sen embargo, moitas funcións interesantes non se instalan co paquete básico senón que están contidas en paquetes ou librarías externas que hai que instalar por separado.
- En moitas ocasións é necesario cargar librarías específicas que teñan implementadas algunas funcións concretas.
- Para cargar unha libraría hai que utilizar a función `library()`.
- Por exemplo para cargar a libraría 'survival' (para a análise de supervivencia), que se instala con paquete básico pero non se carga ao inicio, habería que escribir `library(survival)`.



## As librarías en R

- Existen numerosas librarías de funcións de R que poden sernos de utilidade e que hai que instalar manualmente.
- Para instalar paquetes de R (precísase conexión a internet):
  - Accedemos ao menú Paquetes ► Instalar paquete(s)
  - Seleccionar o CRAN-mirror, por comodidade podemos elecciónar o de España.
  - Logo seleccionamos o paquete que queremos instalar. Se o paquete necesita outros paquetes, instálalo automáticamente.
- A instalación non implica que os paquetes xa se poidan utilizar. É necesario cargar as librarías antes de empezar a usarlas mediante a función `library()`.



## Algunhas librarías

- Libraría **stats**: Funcións estatísticas básicas
- Libraría **graphics**: Funcións gráficas básicas
- Libraría **languageR**: Conxuntos de datos lingüísticos e métodos estadísticos básicos aplicados a estos datos
- Libraría **sp**: Funcións para traballar con datos espaciais
- Libraría **maptools**: Funcións para traballar con datos espaciais e representación de mapas
- ...



## Conxuntos de datos dispoñibles en R

- R trae coa instalación múltiples conxuntos de datos.
- Para ver un listado dos mesmos basta teclear `data()`
- Para cargar un conxunto en concreto emprégase o comando `data(name)`, por exemplo:

```
data(EuStockMarkets)
```

```
help(EuStockMarkets)
```



## Importando datos en R

- Introducir datos a man pode convertirse nunha tarefa moi pesada a pouco que o número de casos ou de variables sexa medianamente alto.
- Por outra parte, é bastante común ter os datos almacenados en arquivos non propios de R, senón doutros programas (Excel, bases de datos, etc.).
- Como parece natural, podremos facer que R lea estes datos.



## Importando datos en R

- Os formatos de arquivos más habituais nos que podemos atopar os datos son:
  - Arquivos de texto **.txt**.
  - Arquivos **.csv**.
  - Arquivos de Microsoft Excel **.xls**.
  - Arquivos de SPSS **.sav**.
  - Arquivos de BBDD como **.dbf**.
- Existen outros moitos formatos, pero casi sempre son convertibles a estes tipos. De feito, o propio Excel ou o seu análogo en OpenOffice, permiten transformar arquivos de texto en arquivos **.xls** e viceversa.



## Importando datos en R. Ficheiros de texto

- Os arquivos de tipo texto que conteñen datos adoitan ter unha estrutura na que os individuos están nas distintas filas e as variables están separadas por algún tipo de carácter, tales como comas, tabulacións, espazos ou outros (**sep**)

```
e1<-read.table("EuStockMarkets_1.txt",sep=",")
```

```
e2<-read.table("EuStockMarkets_2.txt",sep="\t")
```

- É posible que a primeira fila conteña os nomes das variables (**header**)

```
e3<-read.table("EuStockMarkets_3.txt",sep="\t",header=TRUE)
```

- Tamén é necesario fixarse en como están especificados os decimais (**dec**)

```
e4<-read.table("EuStockMarkets_4.txt",sep="\t",header=TRUE,dec=",")
```

- Exercicio:** Os arquivos houses.txt, twosample.txt, twoseries.txt, places.txt, mmreg.txt conteñen diferentes conxuntos de datos. Ábreos cun editor de texto para comprobar a súa estrutura e impórtalo en **R**.



## Principais obxectos en R

### Principais tipos de obxectos en R

- numeric
- character
- matrix
- array
- logical
- factor
- data.frame
- list
- ...

### Principais funcións relacionados co manexo de obxectos en R

- > `ls()` Lista os obxectos no directorio de traballo
- > `objects()`
- > `class(x)` Determina a clase do obxecto x
- > `apropos()` Búsqueda de obxectos
- > `rm(x)` Elimina o obxecto x



## Operacións básicas en R

- Vemos o que creamos:

```
> x=3  
  
> ls()  
  
> objects()  
  
> rm(x)  
  
> rm()  
  
> rm(list=ls())
```



## Vectores en R

- Vector numérico > `x<-c(1,2,5,6,9)`
- Vector carácter > `nomes<-c("Luis","Mar")`
- Vector lóxico > `lox<-c(F,F,T,F)`
- Vector enteiro > `y<-2:6`
- Outras funcións para definir vectores > `z1<-seq(0,8,by=4)`  
> `z2<-seq(0,8,length=4)`  
> `z3<-rep(5,4)`

### Os argumentos das funcións en R

- R substitúe os argumentos das funcións na mesma orde na que están definidos a non ser que lle indiquemos explícitamente o nome do argumento.

Definición da función seq: `seq(from,to,by,length.out,...)`

```
> seq(1,10,2)  
> seq(1,2,length=2)
```





## Vectores en R

- Como escollemos as compoñentes dun vector

```
> x[2]  
> x[-3]  
> x[1:3]  
> x[c(1,5)]  
> x[x>4]
```

### Algunhas funcións útiles

```
> length(x)  
> min(x)  
> max(x)  
> sort(x)  
> order(xx)
```

- Consulta a axuda para saber como utilizalas



## Operacións con vectores R

- Operadores matemáticos: + - / \*
- Para vectores da mesma dimensión, R realiza a operación desexada entre cada compoñente  $i$  dun vector coa correspondente compoñente  $i$  do outro vector.

> `x+y`  
> `x/y`  
> `6*x`

- Que pasa cando operamos con vectores de distinta dimensión?

> `x+z1`



## Matrices en R

- Como definir matrices
- Creando matrices a partir dun vector:

```
> m<-matrix(0,nrow=2,ncol=3)
```

```
> x<-1:6
```

```
> m1<-matrix(x,nrow=2)
```

```
> m2<-matrix(x,5,2)
```

(Replica o vector x ata completar a dimensión da matriz)

### A función *matrix*

```
matrix(data = NA, nrow = 1, ncol = 1,  
byrow = FALSE, dimnames = NULL)
```

- Exemplo:

```
Matriz <- matrix(c(1,2,3,11,12,13),nrow=2,ncol=3,  
byrow=TRUE,dimnames=list(c("f1","f2"),  
c("c1","c2","c3")))
```



## Matrices en R

- Como escollemos as compoñentes dunha matrix

```
> A<-matrix(c(2,1,3,4),nrow=2,ncol=2)
```

$$A = \begin{pmatrix} 2 & 3 \\ 1 & 4 \end{pmatrix}$$

```
> B<-matrix(c(3,8),nrow=2,ncol=1)
```

$$B = \begin{pmatrix} 3 \\ 8 \end{pmatrix}$$

```
> C<-matrix(c(2,4,2,1),nr=2,nc=2)
```

$$C = \begin{pmatrix} 2 & 2 \\ 4 & 1 \end{pmatrix}$$

```
> A[1,2]
```

```
> A[,1]
```

```
> A[2,]
```

### Algunhas funcións útiles

```
> dim(A)
```

```
> nrow(A)
```

```
> ncol(A)
```

```
> t(B)
```

```
> diag(nr=3)
```

- Consulta a axuda para saber como utilizarlas



## Operacións con matrices en R

- Operadores matemáticos: `+` `-` `*` `%*%`
- Para matrices da mesma dimensión, R realiza a operación desexada entre cada compoñente  $(i,j)$  dunha matriz coa correspondente compoñente  $(i,j)$  da outra matriz

> `A+C`  
> `A/C`  
> `A*C`

- Que pasa cando operamos con matrices de distinta dimensión?  
> `A+B`
- Producto matricial (`%*%`) e producto compoñente a compoñente (`*`)  
> `A*B`  
> `A%*%B`
- Función outer  
> `outer(A,B,"+")`

$$A = \begin{pmatrix} 2 & 3 \\ 1 & 4 \end{pmatrix}; B = \begin{pmatrix} 3 \\ 8 \end{pmatrix}; C = \begin{pmatrix} 2 & 2 \\ 4 & 1 \end{pmatrix}$$



## Tipos de obxectos en R: data.frame

- Un **data.frame** é o tipo de obxeto de **R** que utiliza para almacenar conxuntos de datos.
- Un **data.frame** é unha táboa onde tipicamente as columnas úsanse para representar variables e as filas para representar individuos ou observacións.
- Creamos un **data.frame** cos datos Germany DAX (Ibis), Switzerland SMI do conxunto de datos d4,

```
datos<-data.frame(d4$DAX,d4$SMI)
class(datos)
names(datos)
names(datos)[1] <- "DAX"
names(datos)[2] <- "SMI"
names(datos)
fix(datos)
```

- Seleccionamos datos dun **data.frame** de distintas formas:

```
datos[1,] # Eleximos os datos da primeira fila
datos[,2] # Eleximos os datos da segunda columna
datos[,"DAX"] # Eleximos os datos da primeira columna
datos$DAX # Eleximos os datos da primeira columna
```



## As funcións outer e apply

### outer

```
> mifun<-function(x,y){cos(y)/(1+x^2)}  
> z<-outer(x,y,mifun)  
> class(z)
```

### apply


```
> m1  
> apply(m1,1,sum) #apply(objeto, dim, func)  
> clase<-c("a","b","a","a","b","a","b")  
> x<-c(1,2,1,1,2,1,2)  
> tapply(x,clase,mean)
```



## Un exemplo de gráfico en R

```
> x<-seq(0,2*pi,length=100)
> y1<-cos(x)
> y2<-sin(x)

> plot(x,y1,col=2,lwd=3,xlab="[0,2pi]",type="l",main="Sen e Cos")
> lines(x,y2,col=3,lwd=3,lty=2)
> points(2,0,pch=17,col=4)
> legend(0,-0.5,c("Coseno","Seno"),col=2:3,lty=1:2,lwd=3)
```



**col** Color

**lwd** Anchura de liña

**lty** Tipo de liña  
(continua,discontinua, ...)

**pch** Tipo de punto

**main** Título principal

**xlab** Título eixo X

**ylab** Título eixo Y



## Representacións gráficas

- En R pódense realizar multitud de gráficos.
- Algúns comandos para realizar gráficos:

Función	Tipo de gráfico
<code>plot()</code>	Barras, dispersión, caixas
<code>hist()</code>	Histograma
<code>barplot()</code>	Diagrama de barras
<code>boxplot()</code>	Gráfico de caixas
<code>stripchart()</code>	Diagrama de dispersión
<code>pie()</code>	Gráfico de sectores



## Os gráficos en R

- A maioría das funcións gráficas dispoñen de argumentos para editar o gráfico:

### Argumentos gráficos

<code>type = " "</code>	Especifica o tipo de gráfico: "p" puntos "l" liñas "n" non gráfico "o" puntos e liñas
<code>xlab = "texto"</code>	Engade texto ao eixe
<code>ylab = "texto"</code>	
<code>main = "texto"</code>	Título do gráfico
<code>xlim = c(mínimo, máximo)</code>	Escalas dos eixos
<code>ylim = c(mínimo, máximo)</code>	


- A opción **Archivo** permite gardar (**Metafile**, **Postscript**, **PDF**, **Png**, **BMP** y **JEPG**), copiar ou imprimir a imaxe.



## Gráficos de dispersión

- Comando “plot”

```
> plot(mmmreg$math,col="red",xlab="Observations ",  
+ ylab="Math",main="The academic variables are  
+ standardized tests in math")
```






## Gráficos de dispersión

- Comando “stripchart”

```
> stripchart(mmreg$self_concept~mmreg$sex,col=c("red","blue"))
```







## Histograma

- Comando “hist”

```
> hist(mmreg$math,col="green")  
> hist(mmreg$math,freq=FALSE,col="green")
```






## Diagramas de caixa

Os diagramas de caixa (boxplots) dan información visual sobre como están distribuídos os datos. Consta de:

- unha caja central delimitada por los cuartiles  $Q_1$  y  $Q_3$ .
  - A liña do interior da caixa que representa a mediana (cuartil  $Q_2$ ).
  - Os datos que caen fora dos bigotes represéntanse individualmente mediante “o” (datos atípicos).
- **Comando “boxplot”**

```
> boxplot(mmreg$write~mmreg$sex, col=c("red","blue"))
```






## Diagrama de barras

- Comando “barplot”


```
> tab1<-xtabs(~mmreg$female+mmreg$motivationb)
> tab1
      no yes
Female 88 239
Male   99 174
> barplot(tab1,beside=TRUE,col=c("red","blue"),
+ legend.text=TRUE,args.legend=list(x = "topleft"))
```





## Gráficos más complexos


Comarcas de Galicia





## Gráficos más complejos

Facturación cooperativas 2007





## Estatística básica en R

- Xeración de variables (e vectores) aleatorias:

```
> x<-rnorm(100,0,1)
> mean(x)
> var(x) #É a cuasivarianza
> var(x)*(length(x)-1)/length(x)
> summary(x)
```

- Máis estatística descriptiva:

```
> hist(x,freq=F)
> lines(density(x),col=3,lwd=2) #estima densidade
> rug(x)
> stem(x)
> boxplot(x)
> plot(ecdf(x),do.points=F,verticals=T)
```



## Estatística básica en R

- Más estadística descriptiva:

```
> shapiro.test(x)
> ks.test(x, "pnorm", mean=mean(x), sd=sqrt(x))
> y<-rexp(1000, rate=5)
> ks.test(y, "pexp", rate=1/mean(y))
> z<-rnorm(100, mean=5, sd=3)
> boxplot(x, z)
> t.test(x, z)
> var.test(x, z)
```



## Estatística básica en R

- Densidade, distribución, cuantís e xeración de variables aleatorias: **d\***, **p\***, **q\*** e **r\***.

```
> help("rnorm")
> x<-seq(-4,4,by=0.25)
> plot(x,pnorm(x),type="l",col=2)
> lines(x,dnorm(x))
> y<-seq(0,1,length=100)
> plot(y,qnorm(y))
```



## Un modelo de regresión en R

- Regresión lineal:

```
> x<-rnorm(100,0,1)
> y<-2+3*x+rnorm(100,0,2*abs(x))
> plot(x,y)
> modelo<-lm(y~x)
> names(modelo)
> plot(modelo)
```



## R Commander. Unha pequena (ou gran) axuda


- R Commander é unha interfaz que cubre a maior parte das análises estatísticos más habituais mediante menús desplegables como os da maioría dos programas habituais.
- R Commander permite acceder a moitas capacidades da contorna estatística R sen que o usuario teña que coñecer a linguaxe de programación.
- Para utilizar R Commander, simplemente hai que cargar o paquete mediante a sentenza **library(Rcmdr)**.
- Tras cargar o paquete Rcmdr, iníciase a interfaz gráfica de R Commander.



# R Commander. Unha pequena (ou gran) axuda

Una vez cargado R Commander vemos unha fiestra na que distinguimos:

- 1 O menú de fiestras desplegables.
- 2 A fiestra de instruccións: Cada vez que executemos algunha acción do menú, R Commander traducirá dita acción a código de R e escribirá no resultado.
- 3 A fiestra de resultados: En xeral, calquier resultado de R Commander mostrárase aquí.
- 4 A fiestra de mensaxes: Serve para que R Commander nos informe de calquera aspecto, especialmente dos errores cometidos.





## R Commander. Unha pequena (ou gran) axuda

- **Fichero:** Menú para abrir e gardar archivos, abrir e gardar contornas de traballo de R, salir de R Commander,...
- **Editar:** Menú para editar contidos dun arquivo (copiar, pegar, cortar,...).
- **Datos:** Menú para ler e manipular datos.
- **Estatísticos:** Menú para análises estatísticas básicas.
- **Gráficos:** Menú para crear gráficos estatísticos básicos.
- **Modelos:** Menú para resumos estadísticos, intervalos de confianza, contrastes de hipóteses,...
- **Distribucións:** Probabilidades, cuantiles e gráficas de distribucións estatísticas habituais.
- **Ferramentas:** Menú para cargar outros paquetes de R ou establecer diferentes opcións de visualización de R Commander.
- **Axuda:** Información sobre R Commander e manual.



## R Commander. Unha pequena (ou gran) axuda

- A maioría dos procedementos en **R** Commander requieren que haxa un conxunto de datos activo. Se existen varios conxuntos de datos cargados en memoria podremos elexir entre eles, aínda que só un poderá estar activo.
- Formas de introducir datos en **R**:
  - Directamente a través do menú **Datos ▶ Novo conxunto de datos**.
  - Importando os datos dun arquivo de texto ou de outro programa.
  - Importando un conxunto de datos de R.



## R Commander. Resúmenes numéricos e gráficos

- Una vez que hai un conxunto de datos activo, podemos usar os menús de R Commander para xerar varios resumos numéricos e gráficos.
- Pódese cambiar o conxunto de datos activo premendo no botón horizontal co nome co conxunto de datos activo.
- Seleccionando **Estatísticos ▶ Resúmenes ▶ Conxunto de datos activo**, obtense, para cada variable numérica no conxunto de datos, os valores máximos e mínimos, o primeiro e o terceiro cuartil, a mediana, a media, así como o número de valores que faltan. Para as variables categóricas, obtemos o número de observacións en cada nivel do factor.
- Observamos que o resultado obtense do comando **summary**.




## R Commander. Resúmenes numéricos e gráficos

- A realización de gráficos en R Commander é bastante intuitiva e lévase a cabo moi fácilmente a través dos menús
  - Gráficas ► Histograma
  - Gráficas ► Diagrama de caixas
  - Gráficas ► Diagrama de dispersión
  - Gráficas ► Gráfica de barras
  - Gráficas ► Gráfica de sectores



## R Commander. Modelos estatísticos

- R Commander permite axustar varios tipos de modelos estatísticos usando as opciones do menú **Estatísticos ► Axuste de modelos**





## Más sobre R Commander

- Baixo a fiestra de instrucións hai unha fiestra grande para os resultados que permite editar o texto e desprazarse arriba e abaixo sobre el.
- As instrucións escritas nesta fiestra aparecen en **vermello** e os resultados en **azul escuro** (como na consola de **R**).
- Ao final hai unha pequena fiestra de texto **gris** para mensaxes. As mensaxes de erro móstranse en vermello, os avisos en verde e outras mensaxes en azul escuro.
- Podemos reaxustar ou maximizar a fiestra **R Commander** da maneira usual. Se reaxustamos **R Commander**, o ancho dos resultados **R** subseguientes automaticamente axustarase para encaixar na fiestra de resultados.
- É posible cambiar a configuración de **R Commander** a través do menú **Herramientas**.



## Bibliografía de R

- A bibliografía de R é extensísima! Imposible dala toda enteira.
- Na páxina web do proxecto existe dispoñible moita *Contributed Documentation* que ademais é de libre distribución.
- Entre a enorme cantidade de libros (posiblemente na actualidade haxa máis de 100!) enteiramente dedicados a R destacamos unicamente dous:
  - John M. Chambers (2008), Software for Data Analysis: Programming with R. Springer, New York.
  - Peter Dalgaard (2008), Introductory Statistics with R, 2nd edition. Springer.
- Unha moi boa referencia é: Michael J. Crawley (2007), The R book. John Wiley and Sons, Ltd.



## Curiosidades de R

- Existen dous congresos: “[Use R](#)” (anual e para usuarios) e “[DSC, Directions in Statistical Computing](#)” (bianual e para programadores) enteiramente adicados ao seu uso.
- Ata no New York Times escribiuse sobre as excelencias de [R](#):  
[http://www.nytimes.com/2009/01/07/technology/businesscomputing/07program.html?\\_r=2](http://www.nytimes.com/2009/01/07/technology/businesscomputing/07program.html?_r=2)
- Desde 2009 existe unha publicación [The R Journal](#) enteiramente dedicada a artigos sobre o desenvolvemento e a aplicación de [R](#). O seu predecesor era [R News](#).
- A nivel nacional: Celebración das [VIII Xornadas de usuarios de R](#) anuais, <http://res.org/8jornadasR/>, (Albacete, 17-18 de novembro 2016).
- A nivel galego: Celebración das [III Xornadas de Usuarios R en Galicia](#), <https://www.r-users.gal/>, (Santiago de Compostela, 20 de outubro 2016).



# TALLER PRÁCTICO E BÁSICO DE R

## III Xornadas de Usuarios R en Galicia

M<sup>a</sup> José Ginzo Villamayor  
[mariajose.ginzo@usc.es](mailto:mariajose.ginzo@usc.es)

Dpto. DE ANÁLISE MATEMÁTICA, ESTATÍSTICA E OPTIMIZACIÓN  
SERVIZO DE CONSULTORÍA ESTATÍSTICA



DEPARTAMENTO DE ANÁLISE  
MATEMÁTICA, ESTATÍSTICA  
E OPTIMIZACIÓN

